

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión**, relativa a adopción dun plan integral de actuacións para garantir a seguridade e a saúde laboral.

Exposición de motivos

O 28 de abril cúmprese o vixésimo aniversario da publicación da lei de prevención de riscos laborais, nunha data en que se reivindica polo movemento obreiro a xornada internacional da seguridade e saúde no traballo.

Restan demasiadas cuestións sen acadar dos obxectivos previstos na lei. A violencia neoliberal azotou este ventenio con consecuencias desastrosas para a vida material e mesmo física das clases traballadoras. Nestes anos da crise e a recesión, o golpe de Estado laboral do PP, efectuado ao abeiro da contrarreforma laboral do goberno Zapatero, vén de asestar un golpe mortal á negociación colectiva e polo tanto aos dereitos das persoas traballadoras, entre eles os da seguridade e hixiene no traballo.

Un paro estrutural masivo funcional ao disciplinamento das clases traballadoras, unha precariedade sistemática derivada dos contratos temporais e parciais, ou a rebaixa salarial imposta son elementos que acompañan a xestión unilateral do patrón tamén no eido da seguridade e saúde nas empresas, concebidas como espazos salvaxes para o furor economicista neoliberal.

Ese furor antisocial tradúcese en máis sinistralidade toda vez que a maior precariedade no emprego se traslada a un maior índice de sinistralidade. Precariedade que os gobernos do PP dobraron coa imposición dunha lei de mutuas en decembro pasado, que supuxo invadir competencias da sanidade pública así como a práctica criminalización das baixas por enfermidade. Furor antisocial que se comprace na falla de ton para atallar o burato das enfermidades laborais.

Alternativa Galega da Esquerda comparte co sindicalismo de clase a urxencia e importancia de acometer un amplo abano de medidas urxentes e estruturais para derrotar unha lacra que se cobra vidas humanas e un oneroso custo económico e social para o noso país, que estimacións recentes sitúan nos mil millóns de euros anuais.

Na memoria do ISSGA do 2014 constátase como crecen os accidentes de traballo no 2014 nun 4%, malia a atonía do mercado de traballo. Un total de 59 persoas perderon a súa vida tentando gañarse a vida (47 no 2013, e 45 no ano anterior). Un total de 23.214 accidentes de traballo declarados na xornada laboral supuxeron un incremento do 3,79%; e quedan sen rexistrar un feixe de accidentes leves que, dada a presión patronal favorecida polo golpe de Estado causado pola contrarreforma laboral do PP, non se declaran. Deles, 429 foron de carácter grave (418 no 2013). Dados absolutos que se corresponden con índices moi superiores aos da media estatal.

A cidadanía traballadora necesita que os poderes públicos, goberno central e Xunta cada quen no ámbito das súas competencias promova actuacións urxentes e estruturais para preservar e mellorar a seguridade no traballo. A prevención necesita recuperar os orzamentos recortados; hai que pór recursos e actuacións para atallar o incremento dos riscos psicosociais e nas enfermidades profesionais; hai que fornecer as plantillas e medios de inspectores e subinspectores de traballo; e cómpre derrogar un marco legal que deixa nas poutas empresariais case vida e morte do traballador.

Polo sinalado, o grupo parlamentario presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a presentar un plan de investimentos que recupere alomenos para o ano vindeiro un orzamento en euros constantes non inferior ao do ano 2008 para as accións en materia de seguridade e saúde laboral, outrosí de devolver ao ISSGA condición de dirección xeral.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que reclame do goberno do Estado a derogación dos decretos 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral e do decreto 10/2010, de 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que demande do goberno central a derogación da actual lei de mutuas de maneira que se afirme o seu carácter público, se amplíe o control por parte da Seguridade Social, se forneza a participación e poderes da representación dos traballadores e traballadoras e se defina como obxectivo prioritario a prevención de riscos e a reparación dos danos.



- O Parlamento Galego insta á Xunta a que se dirixa ao goberno central para que derroque o artigo 52 D do Estatuto dos Traballadores.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que reclame do goberno central a elaboración dun plan cuatrianual para aumentar o número de inspectores e subinspectores de traballo coa intención de acercar as ráteos á media da UE, e para reforzar a súa formación e especialización en materia de prevención de riscos.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que esixa do goberno do Estado unha actuación específica, con orzamento suficiente, para previr, estudar, facer o seguimento e tratamentos axeitados e as reparacións xustas en materia de enfermidades profesionais.

En Compostela, a 21 de abril do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 21/04/2015 14:08:55